

PROGRAMA DA SAÍDA DIDÁCTICA AO PARQUE NATURAL BAIXA LIMIA - SERRA DO XURÉS

Mércores, 17 de maio

8:30 Saída do CPI Viaño Pequeno

10:15 Chegada a Celanova: Visita á casa do poeta Curros Enríquez. Visita ao mosteiro de San Salvador (século IX).

12:00 Visita a Castromao: Situado a 3 km do centro de Celanova. Habitado desde os séculos VI ou V a.C. ata aproximadamente o II d.C.

13:00 Visita a Vilanova dos Infantes: Vilanova dos Infantes foi a aldea natal da nai do poeta Curros Enríquez e tamén está moi relacionada co escritor galego X.L. Méndez Ferrín. É un pequeno burgo medieval no que destaca a Torre da Homenaxe, a cova de San Vitián, que acolle unha exposición permanente sobre os zapateiros, e un dos poucos Cristos románicos que se conservan na provincia. Pasearemos pola vila, onde se celebra a Romaría etnográfica “Raigame” (www.raigame.gal).

14:00 Saída cara o camping

14:30 Chegada ao Complexo turístico deportivo “O Corgo” no concello de Muíños. Nesta páxina tedes información sobre o lugar no que nos aloxaremos: <https://www.concellomuinos.com/o-corgo>. Xantar (cada alumno e alumna levará a súa propia comida da casa).

15:30 Preparación do campamento: Montaxe de tendas.

17:00 Piragüismo: A realizar no encoro das Conchas (xusto a carón do cámping). Dende a piragua percorrерemos o **campamento romano Aquis Querquennis**. Coñecido como “A cidá” foi un campamento militar romano situado na beira do río Limia. Estivo ocupado entre o último cuarto do século I e mediados do II. Baño nas termas de Bande e volta en piragua ata o cámping.

21:30 Cea no albergue

22:30 Velada: - Danzas e xogos de campamento

00:00 Deitarse

Xoves, 18 de Maio

8:00 Erguerse

8:30 Almorzo no albergue

9:30 Saída no bus cara Portela d’Home: Parada nos Miliarios (bloques, de ata 3 metros de altura e 2 toneladas de peso que sinalizaban a calzada romana cada 1.000 pasos. Os que se conservan foron agrupados no alto de Portela d’Home) e na Vía Nova romana (calzada romana (Via Nova XVIII de Antonino), aínda que gran parte do seu trazado foi modificado ou se perdeu, existe un tramo recuperado.)

Ruta da Corga da Fecha. Paso pola Cabaniña do Curro e xantar, ver a fervenza da Corga da Fecha, baño nas pozas, descender e case ao final da ruta visita á vila romana **Aquis Originis** (mansión romana que estivo situada ao borde da calzada que unía Astorga con Braga a través de Portela d'Home). Pódese ver a estrutura básica da construción que utilizaba as augas termais do río Caldo como sistema de calefacción. Baño nas pozas situadas moi cerca, tamén de auga quente.

20:00 Parada e breve visita a Lobios.

21:00 Saída cara o cámping

21:30 Cea no albergue

22:30 Velada:- Xogos de asexo.

Venres, 19 de Maio

8:00 Erguerse

8:30 Almorzo no albergue

9:00 Recollida do campamento

10:00 Saída no bus

10:30 Chegada a aldea de A Cela: Paseo e xogo de pistas “Busca do tesouro”. Lugar que, ademais de ofrecer unhas preciosas vistas do **parque natural do Xurés**, ten unha peculiaridade que o fai destacar das outras aldeas: é a curiosa forma que teñen de construír as casas, unidas ás grandes rochas da zona (cons), e incluso algunhas teñen dependencias dentro da mesma rocha.

12:00 Saída en bus ata Castro Laboreiro.

13:00 Chegada a Castro Laboreiro e visita ao castelo

14:30 Xantar: no Restaurante “A Serra”: Menú pechado con sopa e lombo de porco.

15:30 Saída cara Lamas de Mouro

16:00 Arborismo e tirolina: no cámping “Lamas de Mouro”.

18:00 Saída cara Viaño Pequeno

20:30 Hora estimada de **chegada ao CPI.**

Alternativa día 19:

8:00 Erguerse

8:30 Almorzo no albergue

9:00 Recollida do campamento

10:00 Visita ao Centro de Interpretación do Mundo Megalítico

10:45 Saída cara Val de Salas

11:00 Visita ao Foxo do Lobo e dolmens

12:00 Saída en bus ata Castro Laboreiro.

